

LOLO ANDA EN BICICLETA

Cando tiña oito anos, Lolo fixo unha cousa que desgustou os pais. Unha mañá ergueuse cedo, meteuse na cociña e púxose a preparar o almorzo. Colleu unha pota e foi botando dentro azucre, fariña, marmelada, macarróns, chocolate, leite, azafrán e sal. Despois púxose a remexer todo, ata que chegaron os pais, viron a desfeita e se anoxaron.

Aquel Nadal, a Lolo, como castigo, os Reis non lle trouxeron a bicicleta que pedira. El quería ter unha bicicleta para andar pola rúa facendo chulería, é dicir, soltando as mans e dando saltos.

A verdade é que xa probara en segredo a bicicleta do pai no garaxe e, como non podía saír á horta por medo a que o visen, tiña que andar naqueles poucos metros, esquivando caixóns e maletas vellas. Desta maneira, Lolo converteuse nun fenómeno. Chegou incluso a andar sen caer por riba do rabo dun sachó!

Un día decidiu experimentar por riba dun muro e púxose a correr a unha velocidade terrorífica. A nai, desde a fiestra, viu unha cousa negra coma un rato grande por riba do tellado do garaxe. De súpeto decatouse de que era a cabeza do seu fillo. Velo correndo polo alto do muro case lles causa aos pais algo malo.

Ese día, o pai díxolle que podía andar polo camino da horta e, aquel ano, a Lolo os Reis botáronlle a bicicleta.

CARLOS CASARES

Lolo anda en bicicleta

1. Como se chama o protagonista?
2. Por que se enfadaron os pais con el?
3. Que quería Lolo como regalo de Reis?
4. Por que cres que, ao final do conto, os pais de Lolo lle deixarían montar na bici?